

## PEZA DO MES

outubro

2015



**CONXUNTO DE MATERIAIS  
CASTRO DA SACEDA**

**XUNTA DE GALICIA**



RECINTO SUPERIOR E INTERMEDIO. FOTOGRAFÍA MANI MORETÓN

## Conxunto de materiais. Castro da Saceda

### Contexto:

O Castro da Saceda sitúase aos pés da Serra do Larouco, a escasos 500 metros da pequena poboación do mesmo nome, no concello de Cualedro (Ourense). Se ben esta foi a denominación trasladada pola historiografía, o xacemento arqueolóxico é recoñecido no lugar baixo os microtopónimos da *Cidá*, *O Muro* e *Laxes*, simbolización lingüística que fai referencia aos restos dun antigo poboado na zona. Restos e referencias que se enmarcan ao tempo nun outeiro maior, coñecido e representado na cartografía baixo o topónimo do *Carqueixal*, que claramente alude ao uso e calidade do terreo na contemporaneidade.

O conxunto arqueolóxico está situado nun outeiro cónico no centro da penachira conformada polas barbas da Serra do Larouco na súa caída cara ao val do Támega. O poboado é así amplamente accesible dende tódalas direccións. Se ben na contorna inmediata da dorsal granítica érguese claramente sobre a altitude media dos arredores, na media distancia son varios os puntos máis altos que o propio castro, polo que a súa altitude e visibilidade son positivas unicamente en relación coa súa contorna máis inmediata.

### Historiografía:

Malia a que as primeiras referencias documentais sobre o xacemento arqueolóxico encontradas ata o momento son os escritos de Taboada Chivite no *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Orense*; non será ata a inclusión do lugar nos primeiros traballos de investigación sobre o Alto Búbal de Rodríguez Colmenero cando o espazo comece a ter unha narrativa propia. Será este investigador quen dirixirá as primeiras intervencións sistemáticas no inverno de 1982 e veráns de 1983 e 1984. O seu obxectivo sería o de «*correlacionar o posible nexa entre o hábitat de altura (castrexo) e o hábitat en chaira, fundamentalmente romano, e descubrir en que medida o primeiro derivou no segundo*», razón pola que estas campañas arqueolóxicas se practicaron en paralelo a outra intervención no poboado romano de Santa Marta de Lucenza.

As intervencións arqueolóxicas dirixidas por Rodríguez Colmenero ata 1984 no Castro da Saceda permitiron descubrir un importante sector no recinto superior ou acrópole así como a entrada máis setentrional do xacemento ou porta norte. Lugar onde foron achados os materiais aquí descritos.

No ano 1985, e ata a derradeira campaña de escavación desta década no ano 1988, a dirección das intervencións pasa a mans de Covadonga Carreño, quen vai completar a visión de conxunto do xacemento centrando as intervencións arqueolóxicas esencialmente no sector SO do recinto medio e a muralla asociada a este.

A actividade arqueolóxica voltou ao castro nos veráns de 2014 e 2015 tentando rescatar o espazo do abandono no que caera nas dúas últimas décadas. Procúrase agora, nunha secuencia de actuacións aínda sen completar, adaptar o monumento para visitas e publicar un estudo monográfico dos estudos arqueolóxicos realizados ata o momento.

### A descuberta:

O conxunto de materiais recollidos proceden das escavacións arqueolóxicas dirixidas por Rodríguez Colmenero no sector máis setentrional do castro ou porta norte. A escavación deste sector xorde a posteriori dunha prospección na zona onde apareceron, segundo o seu descubridor «*os únicos fragmentos de tégula recuperados ata o momento*». Por este motivo, na campaña de 1982 realízase unha pequena cata na que se desenterran «*numerosas escouras de ferro e algún lítico*». Esta pequena intervención puña xa ao descuberto o potencial da zona para interpretar o sistema defensivo e de acceso ao poboado, razón pola que se optaría por ampliar a sondaxe e escavar catro cadros de 8x8 metros nas seguintes campañas.

Rebaixadas as primeiras camadas superficiais destes cadros, observábase un amplo sistema de acceso conformado por dous muros e os seus recheos atravesados por un corredor en pendente, no que se albiscaba un gran derrubamento pétreo. O muro leste presentaba dende o exterior un acceso de forma curva quebrado en ángulo dirección surleste, oposto ao perfil primeiro anguloso e despois curvado do muro oeste. A escavación na entrada do estrato fértil, dende o punto de vista arqueolóxico, descubría un gran número de materiais cerámicos e bronzes.

Sería na campaña estival de 1983 cando da escavación de todos estes cadros saía a posibilidade de que a porta e o recinto defensivo anexo foran construídos en momentos diferentes, correspondendo as torres e o lousado da calzada visible na actualidade só unha segunda fase. Foi neste sector tamén, dentro dunha camada de terra moi areosa derivada do escorregadoiro do terreo, polo tanto nun nivel de arrastre, onde apareceron os materiais aquí recollidos. Todos cunha cronoloxía desigual que deixaban aberta a ocupación deste soar dende o Calcolítico ata a Romanización.



PORTA NORTE. FOTOGRAFÍA MANI MORETÓN

### Conxunto de materiais:

#### Punta Palmela:

Núm. Inventario MusarqOurense: CE-005275/5

Siglado: SA83/14-C3/20

Dimensións: 88 x 23 x 1,5 mm

Peso: 10,92 g

Material: Cobre con impurezas de níquel

Descrición: Punta de morfloxía coñecida como tipo Palmela (polo xacemento epónimo portugués), de base simple apuntada convexa e pedúnculo longo aguzado. Presenta unha gran deterioración xeral do contorno. Dobrada con tendencia a unha cara. Superficie de corrosión exposta sen pátina. Non se observan indicios de biselado. Desgaste simétrico.

Cronoloxía: O estudo realizado pola investigadora Beatriz Comendador Rey apunta a unha orixe por volta do 2000 a.C., nun contexto cultural Calcolítico – Campaniforme.

#### Doa oculada:

Núm. Inventario MusarqOurense: CE-005275/4

Siglado: SA83/14-C3/22

Dimensións: Diámetro: 1,2 cm / Diámetro perforación: 0,5 cm / Grosor: 0,9 cm

Material: Pasta vítrea

Descrición: Conta oculada ou tamén chamada de ollos estratificados. Trátase dunha conta de forma circular, con sección oval e cunha perforación central lonxitudinal. Realizada en pasta de tonalidade turquesa e con decoración de sete «ollos» de cor azul prusia e branco. Sobre a superficie advértense leves reflexos metálicos de coloración amarelada. A súa elaboración complétase mediante a inclusión dunha gota de cristal posta nunha matriz e empurrada cara ao interior namentres esta aínda estaba no molde, momento no que outra gota é introducida na primeira. O resultado final é a singular sucesión de círculos concéntricos.

Cronoloxía: O investigador Alfredo González Ruibal relaciona este tipo de doas oculadas co comercio púnico da segunda Idade do Ferro ou Fase II. Malia ter constancia desta tipoloxía dende momentos anteriores, procedentes tamén do comercio co Mediterráneo, estas presentaban uns ollos de maior tamaño e menos numerosos. Así é que por paralelos pódese propoñer unha orixe que podería remontarse ata o século IV a.C. aproximadamente, estando vixente o seu uso ata a Fase III como apuntan

modelos semellantes encontrados en castros tardíos da provincia de Ourense como Santomé ou San Cibrao de Las, ou en xacementos propiamente romanos como o campamento militar de Aquae Querquennae.

#### Agulla ou alfinete:

Núm. Inventario MusarqOurense: CE-005238/54 en representación do obxecto CE-005275/8

Siglado: SA82/14-B3/1

Dimensións: Diámetro máximo: 0,5 cm / Diámetro mínimo: 0,1 cm / Lonxitude: 9,6 cm

Material: Bronce

Descrición: Alfinete para o cabelo con vástago de sección circular, cabeza globular e dobre estrangulamento contiguo. Estes obxectos eran fabricados en diferentes soportes: metal (bronce, ferro), óso, marfil ou madeira. No caso dos exemplares metálicos como este a técnica empregada era a fundición en molde mediante o proceso da cera perdida.

Cronoloxía: Son coñecidas este tipo de pezas tanto no final do mundo castrexo como, especialmente, no galaico-romano. Así é que por paralelos pódese propoñer para esta peza unha cronoloxía enmarcada dentro da denominada Fase III da Cultura Castrexa, un período que arrancaríase a finais do século II a.C. e perduraríase ata o cambio de era.

#### Interpretación e síntese:

Malia as numerosas intervencións arqueolóxicas practicadas no Castro da Saceda non existe polo momento unha publicación monográfica que as sintetice. A única proposta actual de interpretación parte do investigador Alfredo González Ruibal, quen vai contextualizar os últimos momentos de ocupación do castro dentro dun proceso de sinecismo caracterizado pola concentración de poboación e fortalecemento das xerarquías tanto a nivel territorial como social, acontecer visible na súa opinión tanto na configuración do propio poboado como nos materiais recuperados nas escavacións. Un proceso que segundo este mesmo investigador acontece no sur da *Gallaecia* a mediados do s. II a.C. Hipótese contraria á defendida por outros autores que ligan este proceso en exclusiva coa dominación romana de tempos posteriores.

Alfredo González Ruibal reafirma a súa hipótese na cantidade de obxectos de prestixio recollidos no castro e a forma de deposición destes que poderían estar apuntando a «*depósitos especiais de carácter ritual*». Esta é a característica que o autor propón para o conxunto de materiais aquí presentados ao tratarse de obxectos singulares, de difícil acceso e variada cronoloxía, sendo localizados todos eles ademais nun mesmo estrato e no contexto dun espazo simbólico concreto como a porta de acceso ao poboado.

Sexa acertada ou non esta hipótese deixa en evidencia o interese e necesidade dunha monografía coa que abordar unha visión integral do xacemento arqueolóxico. Só cunha lectura comparada dos materiais recuperados coa análise estratigráfica e de pparamentos, datacións C<sup>14</sup>, botánica, fauna, paisaxe, etc. seremos quen de comezar a coñecer ás persoas que ocupaban este poboado e non só aos obxectos que portaban.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)  
[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Martiño Xosé Vázquez Mato

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

XUNTA DE GALICIA